



Ferrol, agosto de 2020

Benqueridas familias:

Informámosvos que, debido á situación creada pola COVID-19, vémonos na obriga de suspender este curso a realización das actividades extraescolares das tardes no colexio.

Como sabedes, os grupos, tanto das nosas actividades coma da Ampa, están formados por nenos e nenas de diferentes idades e ciclos, o que dificulta o mantemento das medidas de seguridade e illamento que establece o protocolo da Xunta de Galicia.

É unha decisión difícil en todos os sentidos xa que as actividades propostas son unha aposta que o centro quere manter pero, nestes momentos, ten que primar a seguridade de toda a comunidade educativa. Tan pronto a situación o permita, retomaranse todas elas.

O servizo de comedor seguirá levándose a cabo implementando todos os cambios e medidas necesarias marcadas polo protocolo da Xunta. A hora de recollida dos nenos será ás 15.30 h. No caso de que sexa preciso ampliar este servizo pola demanda, informarase dos axustes convenientes.

Para poder facer unha planificación real tendo en conta a distancia de seguridade que deben gardar nas mesas os nenos e as nenas, precisamos saber antes do xoves 3 de setembro cantos empregaredes este servizo de forma habitual.

Para iso, enviade un correo a secretaría@ciamariaferrol.org indicando nome e curso do alumno ou da alumna e a solicitude de asistencia ao comedor, ou chamade por teléfono.

No servizo de madrugadores adoptaranse as medidas correspondentes polo que o aforo permitido será de 20 nenos, que utilizarán máscara independentemente das súas idades. Para solicitar dito servizo contactade coa secretaría a partir do luns 31 de agosto. As 20 prazas cubriranse por orde de solicitude.

Desde o Equipo Directivo queremos agradecer a vosa colaboración neste principio de curso excepcional.

Un saúdo,

O Equipo Directivo

